

Xornada: Montes Veciñais, incendios e cambio climático

29 xullo, Marcón (Pontevedra), [Programa e nota de prensa](#)

CONCLUSIÓNS

1- Hai evidencias contrastadas do incremento do risco de incendios forestais por mor do cambio climático debido a un incremento da temperatura e probablemente unha redución das precipitacións cando menos en verán. Por tanto é previsible un incremento do número de incendios forestais, da superficie queimada por incendio e dos impactos negativos sobre o solo, a biodiversidade, a calidade das augas e a saúde das persoas que viven na contorna das zonas incendiadas

2- Nas comunidades de montes aprécianse poucos cambios no xeito de executar os traballos forestais, as plantacións ou as repoboacións. A elección das especies forestais e os modelos de xestión forestal deberían adaptarse ao cambio climático, tanto como as infraestruturas de prevención de incendios forestais. As devasas clásicas e as faixas auxiliares actuais poden ser insuficientes e deberían estudarse outras solucións como áreas de redución da carga de combustible, o pastoreo con gando lignívoro e outros usos para controlar a carga de combustible e/ou a biomasa da matogueira. Esta xestión forestal adaptada ao cambio climático debe considerar criterios sociais (imprescindibles nas comunidades de montes) e ambientais (de conservación de biodiversidade e de conectividade ecolóxica).

3- As xuntas reitoras e as asembleas das comunidades de montes veciñais en man común deben ser informadas para ter en conta o cambio climático, o risco de incendios e a prevención dos mesmos. Cómpre artellar xeitos de compartir experiencias prácticas na ordenación e xestión forestal, na prevención de incendios, na adaptación ao cambio climático no pastoreo, nos aproveitamentos micolóxicos, na explotación da resina, na participación social e na conservación da biodiversidade.

4- É imprescindible fomentar o interese dos veciños polo monte veciñal e a súa participación nas asembleas, a través de actividades de información aos nenos e aos adultos.

5- Deben establecerse mecanismos de colaboración cos propietarios particulares estremeiros para realizar traballos forestais conxuntos e coordinados e reducir o risco de incendios forestais. Os acordos de custodia do territorio poden ser unha ferramenta axeitada para colaborar cos propietarios e con entidades de custodia do territorio para conservar e restaurar os hábitats, a biodiversidade, o patrimonio cultural, loitar contra especies exóticas invasoras, realizar traballos de prevención de incendios ou de

silvicultura adaptativa ao cambio climático.

6- A sociedade no seu conxunto non se pode permitir o desastre que provocan os incendios forestais e os gastos que supón a súa extinción. Eses recursos deberían ser dedicados a actividades de prevención e atención ambiental.

7- Débese continuar coa redución do número de incendios e coa mellora do dispositivo de extinción investindo na educación social e promovendo o rexeitamento social ao incendio no rural polo risco ás persoas e os danos ao medio ambiente e á economía.

8- Cómpre avanzar na diversificación de usos, a limitación de especies pirófitas, a silvicultura adaptativa, o silvopastoreo, valorar a queima prescrita, investir en investigación e sobre todo na transferencia técnica e na divulgación dos resultados ás comunidades de montes, aos propietarios particulares e á sociedade en xeral.

9- Existe coñecemento científico e técnico de abondo para executar medidas de prevención de incendios forestais que eviten ou minimicen o risco de vítimas e de danos a vivendas. Así mesmo existen protocolos e ferramentas como os plans de autoprotección que deben empregarse en zonas de alto risco e onde hai probabilidade de incendios forestais de interfaz urbano-forestal.

10- O aproveitamento conxunto gandeiro e forestal tense demostrado eficaz en moitas zonas como un xeito de prevención de incendios forestais.

11- A lexislación contra os incendios contempla medidas de prevención que atinxen ás administracións públicas, ás comunidades de montes e aos propietarios particulares. Débese reclamar o cumprimento efectivo desa normativa por todas as partes implicadas.

12- En caso de incendio con afección a núcleos urbanos deben apartarse os materiais combustibles de preto da casa (se é posible), mollar o perímetro da vivenda e protexerse dentro dela por seguridade e para evitar accidentes na fuga, como se viu no incendio de Pedrogao Grande en Portugal.

13- A administración pública galega, e concretamente as competentes en materia de montes e de medio ambiente, deben liderar un proceso específico de estudo e transferencia de resultados a todos os actores relacionados co monte (e especialmente coas comunidades de montes como xestores de máis de 600.000 ha) sobre os impactos previstos do cambio climático na vexetación e os incendios forestais, que permita unha axeitada toma de decisións sobre a planificación forestal incluída a escala monte.